

O NOSO PUNTO DE VISTA
PROBLEMATICAS MÁS IMPORTANTES EN EL
DEPORTE MUNICIPAL

(A consecuencia da presentación de AGAXEDE na Deputación da Coruña, un grupo de técnicos, xuntámonos para facer unha posta en común das problemáticas municipais. Desta xuntanza, naceu a idea deste relatorio)

Introdución:

O noso obxectivo é tentar realizar unha aproximación ás diferentes problemáticas de carácter xeral que aparecen na maioría dos concellos de Galicia, tendo en conta que todos e cada un deles son distintos e coas súas peculiaridades.

E faremo-lo partindo da idea de que non estamos en posesión da verdade absoluta. Tentamos explicar o noso punto de vista.

Marcar un punto de partida desde o cal comezar, buscando para iso a colaboración e o traballo dos nosos compañeiros, os técnicos municipais.

Por ultimo, tamén se debe ter en conta que o simple feito de pór estas ideas sobre papel nos resultou relativamente complicado xa que cada un de nós ten unha visión do deporte municipal marcada polas súas necesidades e polas súas propias vivencias persoais.

O NOSO PUNTO DE VISTA

1. LEXISLACIÓN.

A. Maior peso específico:

Sen ánimo de exercer de políticos, situación da cal queremos escapar, cremos que actualmente o mundo do deporte ten a suficiente importancia na sociedade como para ser un ente con maior peso específico que o que se nos supón actualmente.

O dito ente, xa sexa consellería, secretaria, dirección, etc., teríase que preocupar de renovar as bases do deporte en toda a comunidade, tendo en conta todas e cada unha das peculiaridades de cada rexión.

A partir desta estrutura teríanse que dar as condicións óptimas para poder dotar de maior capacidade económica aos concellos. O cal consideramos vital, como actual vertebrador do deporte para todos e o principal potenciador do asociacionismo.

Ademais, hai que ter en conta que somos un dos organismos que moven maior cantidade de deportistas, o que maior número de actividades realiza e o que maior investimento realiza en deporte. A pesar disto, somos os menos auxiliados para realizar estes labores.

O NOSO PUNTO DE VISTA

Se sumamos as achegas económicas ao deporte galego no 2008, realizadas desde a Administración autonómica, por medio do Dirección Xeral e a Fundación Deporte Galego, resultan un total de 17.450.000 €.

Deste total, unicamente 525.000 € son para as actividades dos concellos. Con isto dedúcese que os concellos so recibimos o 3,01% do total subvencionado pola Consellería de Cultura e Deportes.

B. Lei do deporte galego:

Consideramos necesaria a revisión e aplicación da Lei do deporte galego, marco necesario para o bo desenvolvemento do noso deporte en Galicia.

É especialmente importante estudar e profundar na coordinación entre as diferentes estruturas (Autonómica, Provincial e Municipal). Sobre todo por que consideramos que este feito, no momento actual, non está o suficientemente desenvolvido.

C. Acordo entre aseguradoras e centros sanitarios:

A causa da grande dispersión xeográfica que temos na nosa comunidade, é necesario crear algún tipo de acordo entre as aseguradoras e os centros sanitarios das distintas zonas. É importante que todas as asistencias se poidan realizar na propia comarca. O cal por outra parte xa está recoñecido na lei do deporte.

Ao mesmo tempo sería necesario clarificar os protocolos de actuación en caso de incidentes ou lesións deportivas.

D. Seguro responsabilidade civil:

O NOSO PUNTO DE VISTA

Igual que existe unha norma que obriga a ter un seguro de responsabilidade civil en todas as instalacións municipais, sería moi positivo que unha normativa marcasse uns mínimos obrigatorios para os técnicos e para as actividades, inclusive fose das instalacións municipais.

2. REGULACIÓN LABORAL.

A. Regulación profesional:

É primordial o promover a regulación profesional de todo o deporte en Galicia, contando con todos os axentes, Xunta de Galicia, sindicatos, etc.

B. Colectivos:

Unha parte importante na dita regulación, sería determinar a que colectivos afectaría (directores de instalacións, coordinadores, técnicos, monitores, etc.).

C. Condicións particulares:

Teríase que ter en conta todas as características particulares da nosa profesión como poden ser as horas de nocturnidade, as horas de fin de semana, desprazamentos, etc.

D. Habilitación:

O NOSO PUNTO DE VISTA

Tamén consideramos moi importante o feito da habilitación. Existen profesionais con moita experiencia, que veñen doutros campos que non son os habituais, que desenvolven o seu traballo de forma impecábel desde hai moitos anos e creemos que se debería considerar a súa equiparación profesional.

E. Formación:

É imprescindible ao igual que noutros departamentos, ter a posibilidade e a obriga de formación e actualización. Todos os que estamos no mundo do deporte municipal temos a necesidade e a inxenuidade de formarnos e actualizarnos.

É necesaria a creación de programas dentro das administracións para os propios técnicos municipais.

Actualmente temos poucas opcións, como poden ser, as xornadas para técnicos municipais organizadas desde a Deputación da Coruña, as xornadas sobre pequenos e medianos concellos da Deputación de Ourense, ou as de recente creación na EGAP (A xestión deportiva non ámbito municipal).

F. Subvencións cerradas:

O NOSO PUNTO DE VISTA

Tamén cremos importante que as subvencións que se dan para a contratación no deporte tendan, ao igual que noutros departamentos, a vir mas pechadas.

Isto quere dicir que especifiquen de forma clara niveis, categorías, soldos, etc.

3. DEPORTE MUNICIPAL.

A. Plan xeral modernizado:

Non existe ningún plano xeral de actuacións municipais actualizado ou modernizado, en materia deportiva.

Ao igual que existe unha normativa que marca uns mínimos en urbanismo, en asistencias sociais, etc., tería que existir un plan xeral que marque mínimos nas actuacións municipais en materia deportiva, respectando sempre as peculiaridades de cada municipio.

Desde a Administración autonómica, provincial ou local, non existen unhas liñas básicas de traballo que marquen unhas pautas comúns, que nos sirvan de punto de partida, para que cada concello poida desenvolver o seu traballo sen alterar as características e as necesidades do seu territorio e respectando a súa independencia.

B. Persoal técnico insuficiente:

O NOSO PUNTO DE VISTA

Actualmente as dotacións de persoal técnico deportivo municipal é insuficiente. Desde algún estamento ou lexislación, tería que recollerse a obrigatoriedade nos concellos de contar polo menos cun técnico deportivo e que en función do número de habitantes se siga incrementando segundo as necesidades.

C. Xestión mancomunada:

Consideramos importante pór en marcha sistemas mancomunados de xestión de actividades en zonas do rural e en concellos pouco poboados. Creando para iso bolsas de monitores de actividades, transportes mancomunados e grandes instalacións mancomunadas.

D. Relación ingresos - gastos:

Temos que aprender a conxugar os prezos populares e o autofinanciamento. Teriamos que buscar un equilibrio lóxico entre ingresos e gastos. ¿Desde que punto se considera autofinanciamento e onde beneficio?

Temos que ter claro que o obter beneficios en determinadas actuacións non é malo, e permítenos compensar actividades deficitarias.

E. Novas tecnoloxías:

O NOSO PUNTO DE VISTA

Actualmente non se usan as novas tecnoloxías nos concellos pequenos e medianos. Por norma xeral a causa do custe dos ditos programas.

Actualmente, ao igual que existen programas municipais subvencionados, que xestionan os padróns, os recibos, etc., sería necesario promover a creación dalgún programa similar para os departamentos deportivos das propias administracións, que nos axuden á xestión dos usuarios, cobro de recibos, etc.

Nós mesmos esquecemos con relativa facilidade que tamén somos administración e que temos que estar suxeitos ao proceso administrativo. Tanto para o bo, como para o malo. Actualmente en moitos xeitos semella que os profesionais do mundo do deporte fósemos alleos á Administración. Temos que mentalizarnos de que somos parte activa do concello.

4. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

A. Normativa:

Consideramos que a normativa que se aplique sobre instalacións deportivas ten que obrigar a contar con persoal coa titulación axustada, para poder realizar actividade deportiva na dita instalación municipal, xa sexa no apartado propiamente deportivo ou no apartado de xestión.

B. Participación no deseño:

O NOSO PUNTO DE VISTA

Normalmente a participación dos técnicos deportivos no deseño das futuras instalacións deportivas non é tan frecuente como cremos necesario.

É importante consensuar unha normativa sobre instalacións deportivas, onde se marcasen mínimos.

C. Instalacións mancomunadas:

Acabar coa política de "construír por construír". Sería importante realizar estudos previos de mercado, coñecendo a oferta e a demanda na área de influencia. Deberíase ollar onde construír en función de cuestións obxectivas.

Buscar a construción de grandes instalacións mancomunadas como solución para os municipios pouco poboados ou con escasos recursos.

D. Lei de riscos laborais:

Ao igual que o resto de espazos públicos estamos suxeitos á lei de prevención de riscos laborais. Hai que buscar a forma de adecuarnos á dita norma da forma máis rápida e operativa posíbel.

E. Plan director de instalacións:

Todos estes puntos redúcense á existencia dun plano director de instalacións deportivas, que aclare condicións mínimas de demanda, de construción, etc.

O NOSO PUNTO DE VISTA

5. CLUBES DEPORTIVOS.

A. Formación escasa:

Actualmente a formación técnica e de xestión nos clubs deportivos é relativamente escasa, especialmente canto máis pequeno é o club.

O ser privados, é un apartado no que non podemos facer nada de forma directa, pero si de forma indirecta.

Unha ferramenta útil poden ser os pregos de condicións para a concesión de subvencións. Con eles teriamos que conseguir un maior grao de formación en todo se cada un dos campos, deportivos, técnicos, e en materia de xestión.

Desta xeito conseguiriamos a participación de técnicos cualificados na vida real do club.

B. Escaseza de técnicos:

Sabemos que existe unha grande escaseza de técnicos nos equipos para os labores docentes. Unha das solucións que nos semella máis adecuada podería ser que todas as modalidades deportivas teñan a obriga, por

O NOSO PUNTO DE VISTA

normativa federativa, de que os seus técnicos e adestradores estean titulados en todas as súas categorías, como xa pasa nalgúns deportes. Escapando do voluntario sen titulación.

C. Acceso a titulacións:

Teríase que ter en conta que é necesario facilitar o acceso aos títulos federativos necesarios, mediante subvencións ou cursos gratuítos, nos concellos mais illados e con maiores problemas de formación.

6. EDUCACIÓN.

A. Cambio de mentalidade:

Temos que buscar maneiras de mudar a idea existente hoxe en día, de que a actividade física e o deporte é algo secundario no noso sistema educativo.

B. Dotación de infraestructuras:

Entre todas as administracións temos que dotar de infraestructuras deportivas adecuadas aos centros educativos (pavillóns polideportivos, salas de usos múltiples, etc.).

C. Acordo con educación:

Buscar un acordo global con Educación, que favoreza o uso das ditas instalacións nos horarios de descanso, comedor e fora do horario lectivo,

O NOSO PUNTO DE VISTA

especialmente nos concellos máis pequenos. Actualmente existen concellos cunha instalación deportiva cuxa titularidade pertence a Educación e que por múltiples razóns non pode ser usada.

Teríase que buscar un acordo xeral, de obrigado cumprimento, que nos deixe usar as ditas instalacións a cambio dunhas condicións mínimas de mantemento e cobertura de gastos.

7. TRANSPORTE.

Principal lacra dos concellos do interior e de moitos da costa en Galicia. Existe unha dispersión tal que temos nenos que teñen que desprazarse ata 20-25 Km. Moitos destes nenos viven en zonas gandeiras onde os seus pais ou non poden ou non lle dan a importancia suficiente a que practiquen deportes.

A causa dos comedores escolares, a maioría das zonas rurais teñen horario partido, o cal supón saír como mínimo ás 16:30 do colexio.

Aproveitando esta hora de saída, temos unha única hora de traballo cun volume alto de participantes. Nas horas seguintes a asistencia decae de forma drástica.

É necesario concienciar ás autoridades competentes da necesidade de buscar alternativas, xa sexan subvencionando o transporte aos concellos ou buscando a mancomunidade de servizos de transporte.

O NOSO PUNTO DE VISTA

Temos que ter claro e mostrar aos nosos responsábeis que participar e realizar actividades nos concellos pequenos e medianos é mais caro que no resto a causa da dita dispersión.

8. DESPORTE ESCOLAR:

Creemos que temos que superar as liortas dialécticas entre deporte escolar, deporte en idade escolar, deporte na escola, etc.

Se algunha das iniciativas para o fomento do deporte se fai en horario lectivo, tería que ser con persoal de Educación e financiado por Educación. Pero isto nunca tería que supor un retroceso na nosa tarefa de fomentar o deporte a esas idades e usando tanto as instalacións de Educación, como os recursos que nos podan achegar. Isto inclúe o poder traballar nas horas libres, como por exemplo do comedor.

Actualmente existen dous formatos de deporte na idade escolar. Un está comezando e outro leva moito tempo. Os dous poden ser mellorados e non é fácil xustificar cal sería o método ideal. Pero o que si cremos importante é ter a posibilidade de opinar.

Teríase que consultar cos que traballamos cos nenos, os técnicos municipais, colaborar coas federacións, involucrar ás Anpas, etc.

Evidentemente non é unha tarefa fácil, pero se non comezamos rápido, estaremos a perder tempo e esforzos.

O NOSO PUNTO DE VISTA

Esquecémonos de que o importante nesta discusión non é quen teña a razón. O importante son os nenos que queren practicar deporte.